



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000018

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE DECEMBRO DO 2023.**

**Sesión 18/2023-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p style="text-align: center;">Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p style="text-align: center;">Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;">Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D<sup>a</sup> Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D<sup>a</sup> María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p style="text-align: center;">Grupo Mixto (GM)</p> <p>D<sup>a</sup>. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></b></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 28 de decembro do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	--

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de decembro do 2023 do Concello de Sada.

**1º.- APROBACIÓN DE ACTAS (SESIÓN NÚM. 17/2013).**

Pola Presidencia preguntáse aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 17/2023, do 30 de novembro; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000018

a transcripción da dita acta ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

## **2º.- SOLICITAR PARA O POSTO DA GARDA CIVIL DE SADA A CATEGORÍA DE POSTO PRINCIPAL.**

O secretario accidental dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá do 14 de decembro do 2023, que recolle:

«Único.- Solicitar para o posto da Garda Civil de Sada a categoría de Posto Principal».

Interveñen o sr. Graña Mosquera e a sra. Pena Álvarez (grupo mixto), a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e o sr. Villar López (SM), que anuncian o seu voto a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).

- Votos en contra: Non se produciron.

- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Solicitar para o posto da Garda Civil de Sada a categoría de Posto Principal

## **3º.- MODIFICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO CÓDIGO DA RPT: 090002 DENOMINADO TAX URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E POLICÍA URBANA.**

O secretario accidental dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de decembro do 2023, que recolle:

«1º.- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Fernando Fariña Andrade e Juan Esteban Méndez Leiva en representación de USO, en base aos argumentos legais establecidos no informe xurídico de secretaría do 16.10.2023.

2º.- Aprobar definitivamente a transformación do posto de traballo denominado Técnico de administración xeral de urbanismo, co código 090002, en Técnico de administración xeral de secretaría, co código 010015, pasando a ter a mesma retribución e ficha da RPT que o TAX de secretaría, co código 010002, salvo no referido ás funcións e características ou funcións máis destacables que terá as seguintes equivalentes:

- Funcións: Tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior en materia de urbanismo e dos expedientes tramitados na oficina técnica, e en relación con todos os asuntos e materias de que coñece a Secretaría municipal e que lle sexan encomendados por esta en función da dispoñibilidade do servizo.

Coordinación baixo a dependencia da secretaría municipal e do arquitecto dos servizos administrativos da oficina técnica.

- Características ou funcións máis destacables: coordinación da tramitación administrativa dos expedientes urbanísticos, emisión de todos os informes xurídicos en materia de urbanismo e da oficina técnica. Tramitación administrativa dos expedientes ou materias encomendados pola secretaría. Apoio ao Secretario Xeral e substitución do mesmo cando proceda, como Secretario accidental.

3º.- Publicar integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia do acordo aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma».

Intervén a sra. Pena Álvarez (grupo mixto), a sra. Arias Ferreiro (PP) e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), que anuncian o seu voto a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).

- Votos en contra: 7 (7 SM).

- Abstencións: 1 (GM-BNG).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por Xosé Fernando Fariña Andrade e Juan Esteban Méndez Leiva en representación de USO, en base aos argumentos legais establecidos no informe xurídico de secretaría do 16.10.2023.



2º.- Aprobar definitivamente a transformación do posto de traballo denominado Técnico de administración xeral de urbanismo, co código 090002, en Técnico de administración xeral de secretaría, co código 010015, pasando a ter a mesma retribución e ficha da RPT que o TAX de secretaría, co código 010002, salvo no referido ás funcións e características ou funcións máis destacables que terá as seguintes equivalentes:

- Funcións: Tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior en materia de urbanismo e dos expedientes tramitados na oficina técnica, e en relación con todos os asuntos e materias de que coñece a Secretaría municipal e que lle sexan encomendados por esta en función da dispoñibilidade do servizo.

Coordinación baixo a dependencia da secretaría municipal e do arquitecto dos servizos administrativos da oficina técnica.

- Características ou funcións máis destacables: coordinación da tramitación administrativa dos expedientes urbanísticos, emisión de todos os informes xurídicos en materia de urbanismo e da oficina técnica. Tramitación administrativa dos expedientes ou materias encomendados pola secretaría. Apoio ao Secretario Xeral e substitución do mesmo cando proceda, como Secretario accidental.

3º.- Publicar integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia do acordo aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

#### 4º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3P/2023.

O secretario accidental dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de decembro do 2023, que recolle:

«Único.- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extrajudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 15.514,49 €.

#### ANEXO I

#### RELACIÓN DE GASTO INCLUIDO NO EXPEDIENTE

Nº de Rexistro	Nº de Factura	Importe Total	CIF/NIF	Proveedor	Concepto	Funcional	Económica
F/2022/2128	A39 22	6.706,45	B701263032	DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L.	Liquidación obra demolición edificio El Náutico	151	61000
F/2022/4652	0422039688	4.225,53	B15044357	APPPLUS NORCONTROL S,L,U,	Asistencia técnica para control e seguemento dos servizos contratados polo Concello 01/01/21-31/07/21	9200	22799
F/2023/4987	A-097/2007	334,37	B15686587	GARCIA INSUA ELECTRICIDAD S.L.	Reparación liñas alumeado público por sinistro na corta de arboles	165	22707
F/2023/4988	A-335/2005	4.248,14	B15686587	GARCIA INSUA ELECTRICIDAD S.L.	Adecuación instalación eléctrica antiga aula de formación no actual local de servizos sociais	2411	63200
TOTAL		15.514,49					

».

Intervén o sr. Graña Mosquera e a sra. Pena Álvarez (grupo mixto), a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Nogueira Marzoa (UPSA), quen solicita que se retire unha factura, polo non recoñecemento da súa sinatura, e o sr. Alcalde (SM), que sinala que se vai votar primeiro a retirada da factura de APPPLUS NORCONTROL S.L.U., por importe de 4.225,53 euros, e logo as outras tres.

A continuación procédese á votación da retirada da factura, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Abstencións: Non se produciron.



A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

**Único.**- A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas e resto de documentos incluídos no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 11.288,96.- €.

#### ANEXO I

#### RELACIÓN DE GASTOS APROBADA

Nº de Rexistro	Nº de Factura	Importe Total	CIF/NIF	Provedor	Concepto	Funcional	Económica
F/2022/2128	A39 22	6.706,45	B701263032	DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L.	Liquidación obra demolición edificio El Náutico	151	61000
F/2023/4987	A-097/2007	334,37	B15686587	GARCIA INSUA ELECTRICIDAD S.L.	Reparación liñas alumeadado público por sinistro na corta de arboles	165	22707
F/2023/4988	A-335/2005	4.248,14	B15686587	GARCIA INSUA ELECTRICIDAD S.L.	Adecuación instalación eléctrica antiga aula de formación no actual local de servizos sociais	2411	63200
TOTAL		11.288,96					

#### 5º.- APROBACIÓN CONTA XERAL DO CONCELLO DE SADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.

O secretario accidental dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de decembro do 2023, que recolle:

«1.- Aprobación a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2022.

2.- Renderlle a Conta ao tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo».

Intervén a sra. Taibo Fernández (grupo SM), o sr. Graña Mosquera, a sra. Pena Álvarez (grupo mixto), a sra. Arias Ferreiro (PP) e, a sra. Salorio Porral (UPSA), que anuncian o seu voto a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobación a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2022.

2.- Renderlle a Conta ao tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

#### 6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

**A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 27 de novembro do 2023 (núm. 2220) ata o 21 de decembro do 2023 (núm. 2380).**



Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 27 de novembro do 2023 (núm. 2220, do expediente 2023/G003/002312) ata o 21 de decembro do 2023 (núm. 2380, do expediente 2023/G003/002478), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

### **B. Mocións.**

Non consta ningunha moción.

### **C. Rogos e preguntas.**

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM), realiza o rogo seguinte:

1º) Roga que, dado que nesta época invernal a praia de Sada, ten moitas aves, e á cidadanía lle interesa este tema, que se explote coa súa posta en valor, coa colocación de paneis, a instalación de puntos de observación de aves.

O sr. Alcalde dille que existe iniciativa a título particular, como o demostra que, no calendario do *Consortio As Mariñas*, a única fotografía dun veciño de Sada sexa dunha ave.

Polo Grupo Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM) formula a pregunta seguinte:

1ª) Pregunta que subvencións se solicitaron, este ano, á Deputación da Coruña.

O sr. Alcalde respóndelle que se lle dará por escrito e lle pregunta se se refire ao POS.

A sra. Pena Álvarez (GM) respóndelle que sen incluír o POS.

Polo Grupo do PP, a sra. Val Armesto formula o rogo seguinte:

1º) Roga que, en relación co horario da oficina de atención ao público de VIAQUA, se lle esixa que teña un horario máis amplo, e que quite a cita previa.

Polo Grupo do PP, o sr. España López realiza os rogos seguintes:

1º) Roga que, en relación coas asociacións, se convoque a todas elas para consensuar un calendario anual, porque teñen que estar protexidas, veladas e subvencionadas polo Concello de Sada cando organizan eventos.

2º) Roga que, en relación coas asociacións que teñen delegada a xestión das casas do pobo, se aproben unhas normas e un regulamento por consenso.

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro formula o rogo seguinte:

1º) Roga que, en relación coa organización de eventos, como a *Feira Modernista* ou o *Touliña Pop*, pasen a ser fixos na programación das Concellerías de Turismo, Promoción Económica e Cultura, e que se incrementen as axudas.

O sr. Villar López (SM) respóndelle que a *Feira Modernista* está implantada, e que, coa directiva do *Touliña Pop*, xa houbo 3 reunións, para chegar a un acordo que satisfaga a todas as partes, e na última xa chegaron a un acordo total, que deberá traducirse en apoio económico no orzamento do 2024.

Polo Grupo do PP, o sr. Lonja Tajés realiza a pregunta seguinte:

1ª) Pregunta, en relación aos pasos elevados de peóns, se hai un proxecto que teña en conta a altura dos mesmos e o seu impacto que podía ter o desprazamento do tráfico pesado, especialmente das góndolas que transportan barcos que van ao porto de Sada.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que hai un informe dun enxeñeiro de camiños.

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro realiza as preguntas seguintes:

1ª) Pregunta, en relación coa nova de que a Xuíza e a Fiscalía ven indicios de prevaricación administrativa na tramitación das multas polo Alcalde e pola Concelleira de Seguridade Cidadá, que decisións van adoptar.



O sr. Alcalde respóstalle que quere aclarar tres aspectos:

- Que a denuncia foi realizada 11 días despois do cesamento do xefe da Policía Local, por feitos de 4 anos atrás.
- Que, dende a entrada en vigor da Lei de procedemento administrativo, as denuncias non quedan no caixón, porque basta abrir un trámite telemático, habendo un xefe anterior (sr. Pedreira Iglesias) e outro posterior (sr. Montes Varela), aos que non lles quedou ningunha denuncia dentro do caixón.
- Que Sada debe ser o único concello do mundo que sanciona actividades promovidas polo propio concello, como é o baile dos maiores, os venres, na Casa da Cultura, porque a Policía Local de Sada ía, a instancia do entón xefe da policía local, a denunciar a celebración do baile que ten contratado como parte do canon.

O sr. Alcalde engade que, trátase dun proceso, despois de 3 anos, moi incipiente, e lembra que, en setembro de 2020, lle requiriu ao entón xefe da Policía Local que, todos os efectivos tiñan que estar regulando o tráfico nos colexios, e o día 10 de decembro, cando foi cesado, o xefe non fora ningún día.

2ª) Pregúntalle, en relación ao código ético do seu partido, qué tería que pasar para dar un paso: retirarse, dimitir, adopción doutras medidas, etc.

O sr. Alcalde respóndelle que non están nesa fase do proceso.

3ª) Pregunta por que non hai hoxe policía local no Pleno.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóstalle que non hai rolda de tarde.

4ª) Pregunta se onte houbo policía local.

5ª) Pregunta se vai haber policía o fin de ano.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóstalle que, antes de que pase a data, non pode dicir se hai ou non, non se pode dicir cando non vai haber policía, porque é alarmar á xente.

O sr. Alcalde engade que se lle pode dar o cadrante.

O sr. España López salienta que, un dos deberes da oposición é fiscalizar ao equipo de goberno, e se detectan que hai unha falta de seguridade, o terán que dicir sempre.

Polo Grupo do PP, a sra. Val Armesto formula o rogo seguinte:

1º) Roga que haxa policía local o día 31 de decembro.

Polo Grupo do UPSA, o sr. Blanco González pide desculpas polo seu comportamento na pasada sesión plenaria ordinaria e aproveita para desexar boas festas.

O sr. Alcalde confirma que o sr. Blanco González xa se tivera desculpado.

Polo Grupo do UPSA, a sra. Nogareda Marzoa aproveita para desculpar ao seu compañeiro, o sr. García López, que está enfermo, formula o rogo seguinte e realiza a pregunta seguinte:

1º) Roga que a planificación dos eventos, como o *Touliña Pop*, a faga sen premura, que ten 6 meses para o verán, e engade que se trata dun evento no que a xestión é a mesma, porque hai que facelo de xeito legal, gastos que hai que orzamentar, que traian os orzamentos, e que, se cumpren os requisitos legais, eles aprobarán porque están para fiscalizar.

O sr. Villar López (SM) salienta que os cambios electorais suceden nunha data moi desfavorable para os eventos, como é o verán, polo que preferiría que as eleccións fosen en xaneiro ou febreiro.

1ª) Pregunta por que non expedientou ao xefe da policía, logo de terlle dado directrices para ir a regular o tráfico aos colexios, antes do seu cesamento.

A sra. Nogareda Marzoa desexa unhas felices festas.

O sr. Alcalde conclúe desexando un feliz aninovo a todos e todas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000018

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 48 minutos do día xoves 28 de decembro do 2023, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).